

## A INFLUENZA DA PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA NA EXCLUSIÓN

---

A hora de analizar as influencias que exerce a planificación urbanística dun territorio nas situacións de exclusión social<sup>1</sup>, son dúas as variables fundamentais a ter en conta:

1. A situación xeográfica-estratégica dun territorio como medida de calidade de vida, supeditada a unha serie de fenómenos de toda índole.
2. A distribución das estructuras nesa situación, tanto a nivel de dotación de servizos, coma a nivel de ubicación de industria, converténdose, ambos os dous, en fins en si mesmos, sen avaliar as posibles repercusións socio-ambientais.

Se transladamos estas dúas variables ao barrio de Teis, pódérase observar canto de verdade hai nesta influenza.

1. Teis sitúase na cara leste da cidade de Vigo, extendéndose, dende a ladeira do monte da Madroa ata Redondela eas parroquias de San Xoán de Monte e Candeán. Os seus límites abranguen a zona costeira comprendida entre Arealonga (Redondela) ata a zona de Guixar(p'róximo ao centro da cidade). Teis convertiuse nunha área suburbana onde se mantén un sistema de asentamento rururbano con actividades urbanas intercaladas, pero totalmente integrado na cidade.  
A proximidade de Teis á ría manifestou a súa importancia como foco industrial onde naceron as primeiras fábricas conserveiras na zona da Guía. Esta integración na cidade ten a súa orixe no desenvolvemento industrial ó longo do século XX. A configuración do espazo urbano xurdiu coa creación da rede de tranvías que circularon desde 1914 para unir os lugares de maior crecemento co centro da cidade. Neste sentido trazouse unha liña que enlazaba o centro de Vigo con Teis e

1 Conclusíons do “ 1º SEMINARIO DE INICIATIVAS COMUNITARIAS DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL”. Novembro 2007 Xornada de intercambio de experiencias entre todas iniciativas comunitarias presentes neste acto (9 iniciativas e máis de 50 profesionais e axentes sociais).

➔ A territorialidade como variable e clave do traballo na comunidade:

- Variable de exclusión e marxinación
- Posibilidade de desenvolvemento
- Característica que define unha identidade

## **Plan comunitario de Teis**

Chapela. Teis deixou de ser unha unidade territorial uniforme; A parroquia San Salvador de Teis sobre, pola súa situación estratégica na cidade, unha desestructuración brutal e contínua, fragmentandose e divídindose nas 6 parroquias que actualmente ten.

2. Teis é un barrio dos que se di “de aluvión”. Recibiu moitísima poboación foránea. Viu incrementado o seu número de habitantes nun corto período de tempo. Xenerouse un desenvolvemento urbanístico acelerado e desordeado para dar cabida a toda esa poboación foránea que chegaba polo momento de medre económico, que se estaba a vivir na comarca de Vigo.

Teis medrou , pero sen un Plan racional que humanizara o espazo dese asentamento progresivo de poboación que cubrirá as novas necesidades que aparecen e traen consigo os/as novos/as veciños/as emerxentes froito da nova situación, que une o barrio e as necesidades xa existentes, que se ven incrementadas polo progresivo aumento de habitantes. Créanse núcleos de asentamento para os/as novos/as veciños/as de Teis , en vivendas levantadas ás espaldas dos asentamentos tradicionais do barrio (vivendas unifamiliares) desintegradas e diferenciadas do resto.

Todo este desenvolvemento urbanístico leva consigo unha sobresaturación de infraestructuras nun espazo físico moi reducido (rede viaria da cidade, 2 liñas férreas, 1 autoestrada, cables de alta tensión, nun espazo de 5,8 Km<sup>2</sup> ), coa particularidade de que o trazado de estas infreestructuras realiza unha participación horizontal do barrio, marcando artificialmente as zonas: zona de asentamentos tradicionais e zona urbana. Entre unha e a outra zona non existe transversalidade algunha.

Características definitorias da trama urbana:

- ubicación do equipo dotacional de servizos
- viais deficientes
- mala accesibilidade
- exceso de construcción de vivendas sociais
- grandes bolsas de solo sen urbanizar
- desequilibrio constructivo con calificación urbanísticas incopatibles

## **Plan comunitario de Teis**

Características definitorias da trama “tradicional”:

- falta de transversalidade
- dificultade de comunicación
- inaccesibilidade aos servizos dotacionais
- zonas insalvables urbanísticamente:
  - falta de desenvolvimento urbanístico
  - alto nº de construccíons ilegais
  - alto nº de túneles, pasos soterrados...
  - grandes espazos descoidados ou abandoados

Por outra banda, e como xa se mencionou, a integración de Teis na cidade ten a súa orixe no desenvolvemento industrial. Este auxe industrial rematou drásticamente coa crise e reconversión industrial na década dos ´80 . Teis tamén se veu afectada, conformandose unha nova realidade socio-económica e urbanísticamente más deteriorada (abandono de fabricas, deterioro do entorno...).

Cabe agora analizar cal foi o papel da administración e todo este entramado, xa que o proceso de conformación do barrio que se acaba de explicar non foi acompañado de políticas axeitadas de desenvolvemento sostible.

O crecemento acelerado da cidade e do barrio precisaba de dotacións e servizos que puderan atender á nova poboación, así como dotacións empresariais que absorvera a mán de obra que estaba a chegar e que presaxiaba o benestar económico.

- 7 centros públicos de infantil e primaria e 4 institutos ( ademáis dos 7 privados )
- Máis de 10 empresas na zona litoral-portuaria
- O único Albergue para transeúntes da cidade
- ...

Como se pode observar, lonxe de planificar racionalmente a ubicación e distribución destas dotacións (en parte porque o centro da cidade non podía crecer máis ), e atendendo a ubicación de Teis como centro neurálico de infraestructuras, concentranse no barrio un gran número de dotacións que darán servizo a toda a cidade, pero que non

## **Plan comunitario de Teis**

van acompañadas polas dotacións complementarias para atender á demanda xerada polos usuarios/as de ditos sevizos.

Nestas circunstancias urbanísticas danse as condicións para a proliferación de espazos ou “micropuntos” segregadores onde converxen un gran número de poboación vulnerable e/ou socialmente marxinada, moitos/as deles/as con problemas derivados do consumo de sustancias.

Plan Comunitario de Teis a 14 de maio de 2008